

PROPOSTA DE ADDENDA COA INTRODUCCIÓN DUNHA DISPOSICIÓN TRANSITORIA DO ACORDO DE INTERINOS

MESA SECTORIAL CELEBRADA O 6 DE OUTUBRO DE 2020

A ADMINISTRACIÓN PRESENTA UN BORRADOR DA ADDENDA DO ACORDO DE INTERINOS que ven a introducir unha **disposición transitoria** no Acordo de interinos. Esta addenda redáctase tendo en conta o Real Decreto-lei 31/2020, de 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito do ensino non universitario e recolle a eliminación temporal do requisito de posuír o POSGRAO DE FORMACIÓN DIDÁCTICA ás persoas aspirantes a unha substitución. A administración xustifica a proposta desta ADDENDA debido a que están existindo **moitas renuncias dos aspirantes** das listas das distintas especialidades. Isto, unido a que este ano **non houbo proceso selectivo** de ingreso dificultou a configuración das listas de substitucións. Incluso afirman que poden ter problemas nalgunhas listas que xa abriron e están a baremar. En concreto a lista de Francés de Secundaria e a do corpo de mestres.

Sobre a Addenda, **temos que sinalar** que dende o noso punto de vista, e debido á **situación de pandemia** que se está a vivir, podemos entender que estea xustificada a **eliminación do requisito de Formación Didáctica de xeito transitorio**.

A Addenda recolle as principais necesidades que presenta o sistema de cobertura de listas de substitucións:

- **Esgotar as listas que están abertas** neste momento.
- **Priorizar** a aquelas persoas que **teñen posgrao fronte a aquelas que non o teñen**.
- **Consolidar a aquelas persoas que posúen o requisito de posgrao s no momento de conformar as listas**.
- Na propia Mesa preséntase un novo punto que é en concreto di que “o persoal que, se é o caso, sexa chamado para prestar servizos sen estar en posesión do título oficial de posgrao que acredite a formación pedagóxica e didáctica, deberá realizar a formación que sobre este particular deseñe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade”. En todo caso, esta formación non ten equivalencia co resquisto de posgrao.
- Para axilizar a cobertura de vacantes, non haberá baremo e só se terá en conta a media aritmética do expediente alegado para o acceso.

Demandamos da administración que neste senso ten que ser **máis activa e anticiparse ós problemas que poidan xurdir. Que se reforce, e está claro que é necesario, o servizo da administración, coa contratación de persoal por acumulación de tarefas para realizar as tarefas de baremación.**

Pedimos unha **ordenación temporal do proceso** para que todas as persoas teñan claro cando poden chegar a abrirse as listas de substitucións e non naqueles momentos en que a administración o necesite.

Valoramos positivo **que se imparta unha formación mínima** ó profesorado que resulte contratado.

Poñemos en valor o **acordo de interinos como ferramenta de xestión e logros do colectivo**. Esta ferramenta acadou que a **porcentaxe de persoas interinas e substitutas sexa unha das máis baixas do Estado**, froito non só **do acordo de interinos**, senón que xunto cos acordos acadados no relativo a **OPES** desta Comunidade Autónoma permitiron que boa parte do profesorado que conformaban esa lista acadaran a **estabilidade** tan demandada.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020